

Melodías de papel

XAVIER VALIÑO E O GRAN CIRCO DO ROCK

Textos Alonso McPetecam

Un dos máis activos críticos galegos de rock é Xavier Valiño, a quen poden descubrir na páxina web www.ultrasonica.info. Ademais, Valiño vén de editar o divertido libro "El gran circo del Rock 'n' Roll" (Editorial T&B) e sobre este mundo, cheo de fantasia, botamos unha parrafada.

—En principio, pódese dicir, como contan algúns músicos das súas cancións, que o libro estaba por aí, esperando que me puxera diante da pantalla. Se son más realista, o libro parte dun encargo da Radio Galega para colaborar nun programa musical diario, xa que me pediron que contara anécdotas do mundo do rock coa intención de interesar a unha audiencia xeralista; acabei facéndoo en antena cinco anos. Unha noite, ocorréuseme que había para un libro. Aínda así, incorporei novos capítulos e reescribín os artigos. Egoisticamente, o libro fixeno para miñ, porque o pasei como un anano escribindoo; todo o que poidera vir detrás considero como un extra. O comentario que máis me gustou ata o de agora e aquel que di: "con espírito enciclopédico, sentido do humor, ironía, descreimiento e, por enriba de todo, o punto xusto de admiración propio de todo fan..."

—Elixiches a unha serie de artistas, Phil Spector, Kurt Cobain, Morrissey ou Joe Strummer, ¿por tolemaia? ¿extravagancia?

—Hai dúas razóns: a primeira, a cantidade de anécdotas que xeraron;

a segunda, que me apetecía reivindicarlos como é o caso tamén dos outros monográficos: Fela Kuti, The KLF e Sinéad O'Connor. A Keith Moon estiven a punto de dedicarlle un capítulo, e queda como número 1 para unha posible reedición do libro, aínda que as fazañas más chamativas del están repartidas nos capítulos.

—Rematas o libro falando dos falsos mitos do rock. ¿Este espectáculo está inzado de excesos e esaxeracións?

—Tratábase de desmentir certos tópicos e, se os 19 capítulos anteriores falan de his-

torias casi inverosímis, pero certas, ó final tiñan que ir todas aquelas que se toman por certas, pero non o son. Había moitas, pero quedeime coas 30 máis coñecidas.

—¿Que opinas en xeral da prensa musical española?

—Ten virtudes e defectos. De Ruta 66 gústame que non sigan o dictado da actualidade, pero o seu sectarismo impide que disfrutemos de parte da música que se fai, caso de electrónica ou rap. Rockdelux é a revista do mundo independente por excelencia, polo que aí están grupos que non teñen cabida noutro sitio, aínda que están tan seguros de si mesmos que está claro cando toca aupar, ignorar ou cargarse a un grupo. De Mondo Sonoro, a súa liña tan heterodoxa é o mellor e o peor: entra de todo. Pode que Zona de Obras, con menos pretensiones e más cerca de Latinoamérica, sexa máis interesante. Se queremos ser exquisitos, Go-Mag é o máximo en España. De tódolos xeitos, hai revistas estranxeiras moi boas: Uncut, Mojo, Paste, Magnet...

—¿Ser crítico de rock serve para algo ou: a) para facer inimigos; b) para quedar ben coas discográficas que mandan a promo?

—Supón que para ámbalas dúas, aínda que no meu caso hai algún matiz diferente: non vivo disto —de feito ningún me pagaba nada—, así que decidín dende o principio, hai máis de 25 anos, non falar mal de ningúen, é dicir, ignorar todo o que non me gusta, xa que supón que tamén teñen dereito a existir. Eu só intento contaxiar o meu entusiasmo polo que me toca a febra sensible, se o consigo, xa estou satisfeito.

—Dicía Ariel Rot nunha entrevista que en España, a diferencia de Arxentina ou os países anglosaxóns, o rock perdeu a súa oportunidade para facerse popular e ser unha música de importancia social fronte ó cañi ou antroidadas mediáticas tipo "Operación Triunfo". ¿Estás deacordo?

—Coido que si, pero dáme que se debe a que a música que se apoiou durante 40 anos foi a copla, co desprezo e censura do rock. Coa liberdade, a España chegou unha época de explosión para o pop, para voltar máis adiante ó de sempre: o popular copando as listas e o rock e as músicas de culturas non anglosaxóns, para minorías. Dáme que somos o único país



tevía reivindicarlos como é o caso tamén dos outros monográficos: Fela Kuti, The KLF e Sinéad O'Connor. A Keith Moon estiven a punto de dedicarlle un capítulo, e queda como número 1 para unha posible reedición do libro, aínda que as fazañas más chamativas del están repartidas nos capítulos.

—Rematas o libro falando dos falsos mitos do rock. ¿Este espectáculo está inzado de excesos e esaxeracións?

—Tratábase de desmentir certos tópicos e, se os 19 capítulos anteriores falan de his-

europeo cun xénero tan propio e estendido. De tódolos xeitos, confío no poder de Internet para que os rapaces poidan descubrir o que non ten apoio nos medios.

—Hai unha componente de eterno adolescente nos seguidores de rock, ou pódese ser adulto e apaixoaarte co rock sen parecer un descerebrado?

—Existen as dúas vertentes: quen ó asentarse esquece a música e aqueles que siguen nisto toda a súa vida, interesados pola creatividade. ¿Exemplos?: John Peel, Diego Manrique ou Nonito Pereira.

—¿Que estás a facer agora?

—Estou pasando unha temporaña en Holanda, pero sigo coas colaboracións no Diario de Pontevedra, na revista universitaria Eccus, en Ruta 66, Mondo Sonoro, Zona de Obras e Compostelán, así como en www.arteshoy.com e www.novaxoave.com. Cando volte, no verán, espero volver á Radio Galega.

—Rematamos. Dime os teus grupos e artistas favoritos, tanto do pasado como da actualidade.

—Para empezar, vanme máis as cancións que os artistas, porque non hai ningún infalible. Aínda así, dareiche nomes: Manu Chao, Jobim, The Smiths, Burt Bacharach, Jeff Buckley, Joao Gilberto, Massive Attack, Phil Spector, Marvin Gaye, The Beatles, Teenage Fanclub, Serge Gainsbourg, Van Morrison, Golpes Bajos, The Jam, Os Sentidos... Dos últimos tempos, destaca a xente como Antony & the Johnsons, Common, Vinicius Cantuaria, The Gol Team, Rufus Wainwright, Arcade Fire, Amadou et Mariam, Love Of Lesbian e dos últimos meses, sobre todo, o regreso de Betty Lavette, ¡canta vida nesa voz!